

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Matemáticas I	Curso / Ciclo	2024 - 2025 1º BAC CCNN
-------------------------	----------------------	----------------------	--

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

Tema 0	Actitudes e técnicas no desenvolvemento matemático. Matemáticas para a vida en sociedade
---------------	--

1ª Avaliación	<ol style="list-style-type: none"> Números reais. Logaritmos Resolución de ecuacións, inecuacións e sistemas Funcións reais de variable real
2ª Avaliación	<ol style="list-style-type: none"> Límites de funcións. Continuidade Iniciación ao cálculo de derivadas. Aplicacións Trigonometría plana Números complexos
3ª Avaliación	<ol style="list-style-type: none"> Vectores Xeometría analítica Probabilidade Estatística bidimensional

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:	Peso %
Probas escritas	90 %
Actitudes/Técnicas/Traballos/Tarefas	10%

Cráterios:

- Ao longo do curso realizaranse probas escritas, todas elas puntuadas sobre 9 (agás as recuperacións e as probas finais que serán puntuadas sobre 10), do seguinte xeito:
 - Na 1ª e 2ª avaliación 0 ou 1 control (C) e 1 exame de avaliación (E).
 - Na 3ª avaliación os contidos dividiranse en dúas partes. Todo o alumnado realizará un control (C₃) e unha proba máis a elixir entre as dúas opcións seguintes:
 - 1) Un exame da terceira avaliación (E₃)
 - 2) Unha proba final de toda a materia do curso (F)
- Para cada avaliación ponderarase o exame de avaliación sobre os controis. Despois da 1ª e 2ª avaliación farase unha recuperación (R), puntuada sobre 10, que substituirá á cualificación da avaliación, sempre que (R) sexa superior a ela. O exame de recuperación, R, é obrigatorio para todos aqueles alumnos que obtiveran cualificación negativa (insuficiente) no boletín da correspondente avaliación e opcional para o resto do alumnado que teña interese en subir a súa nota.
- Para cada unha das tres avaliacións valorarase a actitude, perseveranza, motivación, colaboración, recoñecemento e uso da linguaxe matemática e o traballo e a realización de tarefas, puntuados sobre 1.
- A cualificación das probas escritas da 1ª e 2ª avaliación (P) será $(C+2E)/3$ no caso de realizar 1 control e 1 exame de avaliación; noutro caso a nota de cada avaliación será E.
Na 3ª avaliación a cualificación que se terá en conta será respectivamente segundo a opción elixida:

1) $(C_3+2E_3)/3$

2) F



- A cualificación de cada avaliación parcial (1ª, 2ª e 3ª avaliación), obterase da suma da nota de actitude/técnicas/traballos/tarefas, **T**, máis a nota de probas **P**.

$$\mathbf{B = T + P}$$

- A cualificación na convocatoria ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións agás no caso de ter elixido a opción 2 que sería a nota final de curso, F. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5, sempre que acredite un coñecemento mínimo da materia en cada avaliación.
- Na convocatoria extraordinaria a cualificación será a obtida nunha proba escrita puntuada sobre 10. A materia a exame será toda a impartida durante o curso. Promocionará o alumnado con cualificación igual ou superior a 5.
- No caso de detectar que se copia nunha proba por calquera medio, será cualificado con 0 puntos nela.